

**IES 12 DE OUTUBRO**

**CLUB DE LETRAS 19/20**



**O xénero epistolar feminino**

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



## INTRODUCCIÓN

Como dicimos no proxecto, coa creación deste Club de Letras, defendemos a imaxinación, a exploración en todos os ámbitos, o xuízo ético e a memoria colectiva. E pensamos que un xeito único de traballar a interrelación entre as nosas materias, ( Latín, Galego, Castelán, Historia e Filosofía), é un xénero hoxe case esquecido, un anacronismo por recuperar: o xénero epistolar. A partir da lectura de cartas famosas redactadas por mulleres ao longo da Historia asentamos o noso Club de Letras. No cruce entre a historia e a literatura a carta é un recurso único para a investigación multidisciplinar. A partir de catro bloques centrámonos en misivas redactadas por mulleres para ir tirando do fío que permita explicar todo un contexto cultural e humano. Tendo como obxectivo último a creación de cartas por partes de alumnos de 4º da ESO, aos que se dirixe o proxecto, e o carteo con outro centro integrado no Club de Letras. O ton do Club foi lúdico, buscando non tanto a clase maxistral, senón o interese por indagar e descubrir a grandes personalidades femininas dende un ámbito práctico e incluso. Por exemplo, as imaxes inferiores pertencen ao xogo de mesa Hipatia, empregado para desenvolver a figura da filósofa clásica.



## PROFESORADO PARTICIPANTE

COORDINADOR: CARLOS PÉREZ SEARA DNI 34988265K

Departamento de xeografía e historia e coordinador da Biblioteca Jose Ángel Valente do IES 12 de Outubro.

### PARTICIPANTES

PILAR LADO EIRIZ	FILOSOFÍA
ANA BELÉN DÍAZ PORTAS	LATÍN E GREGO
LUCA VICENTE ROSADO CARBALLIDO	LENGUA CASTELLANA
XULIO XOSÉ PÉREZ PEREIRAS	LINGUA GALEGA



## MATERIAL

### MUNDO ANTIGO: VIAXES

#### CARTAS DE EXERIA

Saín, como digo, de Xerusalén, en compañía dos santos que se dignaron prestarme a súa axuda no percorrido, tamén con intención de orar. No traxecto que hai entre Xerusalén e Carneas hai



oito mansións. Carneas denomínase agora cidade de Job, chamada antigamente Dennaba en terra de Ausitide (cf. Gén. 36, 32), nos confíns de Idumea e Arabia. No percorrido de ida contemplei xunto ás ribeiras do Jordán un val moi fermoso e ameno, abondoso en viñedos e árbores, xa que había moitas augas e moi boas.

Existía naquel lugar unha localidade grande, agora chamada Sedima. Situado en metade dunha planicie hai un montículo mediano, construído á maneira de como adoitan ser as tumbas, pero máis grande. No alto está situada a igrexa e na parte máis baixa, rodeando o montículo, pódense distinguir ao seu ao redor grandes cimentos antigos. Alí habitan algunhas poucas persoas.

(...) cheguei a Edessa e, tan axiña como chegamos, dirixímonos á igrexa e ao martirio de santo Tomás, onde fixemos oración e todo o demais, segundo o feito nos lugares santos, e tamén lemos algunha pasaxe sobre santo Tomás. A igrexa que alí hai é grande e bastante fermosa e de construción moderna, que verdadeiramente parece ser digna casa de Deus. Como había alí moitas cousas que desexaba ver, tiven que facer un descanso de tres días. Con iso puiden ver en tal cidade moitos sepulcros e santos monxes, uns que estaban xunto a sepulcros, outros, lonxe da cidade, vivían en lugares ocultos en que tiñan os seus conventos.

O santo bispo daquela cidade, home verdadeiramente relixioso, monxe, acolléndome confesor, con todo agrado, díxome: *Filla, como vexo que por amor á relixión tomaches tan enorme traballo de vir desde os máis afastados confíns até estas terras, dígoche que, se a ben o tes, mostraremosche con moito gusto todos estes lugares gratos aos cristiáns.* Dando grazas a Deus en primeiro lugar, rogueille moi encarecidamente que tivese a ben facer o que me dicía.

Desde aquí, señoras miñas, luz dos meus ollos, mentres que escribía para vosa caridade, (direivos) que tiña o propósito de achegarme a Asia, en nome de Cristo, Deus noso, quero dicir a Éfeso, ao sepulcro do santo e beato apóstolo Xoán, para facer oración. Se, despois de todo

isto, sigo viva, se logro coñecer persoalmente algúns lugares máis e se Deus se digna concederme, procurarei contalo á vosa caridade, e relatareivos tanto o que conserve na memoria, como o que levo escrito. Mentres, vós, señoras, luz miña, procurade acordarvos de min, tanto se estou viva, coma se estou morta.


-Escribe unha pequena biografía de Exeria.

-Que outras viaxes coñeces no mundo antigo.

-Traza a ruta que segue nun mapa.

-Correos deseñou un selo da viaxeira galega fai uns anos. Crea o teu propio deseño.

### CARTAS DE SINESIO DE CIRENE A HIPATIA



Producín dous libros este ano. Un deles coma se estivese movido por Deus mesmo; o outro pola calumnia dos homes. Algúns de quen visten a túnica branca ou negra sostiveron que eu son infiel á filosofía, aparentemente porque profeso graza e harmonía de estilo e porque me aventuro a tratar temas relativos a Homero e ás figuras dos retóricos. Aos ollos de tales persoas, un debe odiar a literatura para ser un filósofo e debe ocuparse só dos asuntos divinos. Non cabe dúbida de que estes homes son contempladores do cognoscible. Este privilexio é ilexítimo para min, porque paso parte do meu lecer purificando a miña lingua e edulcorando o meu enxeño. O que os move a condenarme baixo a acusación de que só son adecuado para as nimiedades é o feito de que a miña

*Cinexética* desapareceu da miña casa (non sei como) e que foi recibida con grande entusiasmo por certos mozos que veneran os aticismos e os períodos graciosos. Ademais, algúns dos meus intentos poéticos parecían ser obra dun artista que reproduce o antigo, como adoitamos dicir diante das estatuas. Hai certos homes entre os meus críticos cuxo descaro só é superado pola súa ignorancia e estes son os máis dispostos a estirar as discusións sobre Deus.

-Que sabes da figura de Hipatia?.

-A partir do visionado da película de Amenábar, produce un texto sobre os episodios máis significativos da súa vida.

-Pensas que o tivo fácil para exercer a filosofía no mundo clásico. Explica a túa resposta a partir do texto aquí presentado.

### CARTA DE CORNELIA AO SEU FILLO GAIIO.

Dis que é bo vingarse dos inimigos. A ninguén máis que a min iso lle parece o máis grande e bo, pero [só] se pode conseguir mantendo a salvo a república. Pero iso non pode ser, xa que os nosos inimigos en moito tempo e en gran número non perecerán, e é preferible que eles estean, como agora están, a que se arruine e pereza a república.



Con palabras solemnes atreveríame a xurar que, excepto os que asasinaron a Tiberio Graco, ningún inimigo me deu tantos pesares e tantas angustias como ti con este asunto: o que, de todos os fillos que tiven antes, debía aliviar e coidar de parte [deles], para que tivese o mínimo de inquietude na vellez, é que en todo o que fixeras quixeses agradarme no posible, e tiveses como impío facer

algo de grande importancia contra a miña opinión, especialmente a min, a quen queda un breve tempo de vida.

Nin sequera esta breve ocasión pode axudar para que non me contraríes e arruínas a república? Daquela cal será o final? Algunha vez deixará a nosa familia de delirar? Algunha vez poderá ter mesura? Algunha vez deixaremos de seguir recibindo e causando pesares? Algunha vez avergoñárase de axitar e perturbar a república?.

Pero se nada disto pode ser, busca o cargo de tribuno cando eu morra: por min fai o que queiras, con tal que eu non o saiba!

Cando eu morra, honrarasme con sacrificios e invocarás ó deus paterno. Nese momento non te avergoñarás de elevar preces ao deus daqueles, aos que vivos e presentes tiveches abandonados e descoidados?

Non permita Xúpiter que perseveres niso nin que tal tolemia entre na túa mente! Pero se perseveras, temo que pola túa propia culpa recibirás tal desgraza para toda a vida que nunca poderás sentirte satisfeito con seguridade.

-Le o texto en Latín, que palabras recoñeces?.

-Le o texto en latín e busca palabras ou expresións recoñecibles.

-Quen son os inimigos dos Graco?.

-De que quere persuadir a nai a Tiberio?. Como remata Gaio?.

## ÉPOCA MEDIEVAL: ESPIRITUALIDADE

### CARTA DE ELOÍSA Á ABELARDO.

Ai, Abelardo!, tan forte fronte aos homes e tan tenro comigo. Nunca me arrepentín da miña paixón, só me angustia pensar que a miña negativa a facer pública a nosa unión puidese ser a causa da túa desgraza! . Se te perdo a ti, que ganas vou ter eu de seguir nesta peregrinación en



que non teño máis remedio... a máis nada que saber que vives, prescindindo dos demais praceres en ti, de cuxa presenza non me é dado gozar, e que dalgunha forma puidese devolverme a min mesma... Aquela igrexa que tanto amaches foi inxusta contigo, condenáronse os teus escritos, fuches

perseguido e sufriches unha infinidade de inxustizas, só pola valentía de expresar o que pensas, sen importarche o desacordo cos poderosos, sexan bispos, reis, papas, santos ou concilios. Indigna e pública traizón que por un monstruoso golpe te afastou de min, arrincoume a min mesma. Moito máis que a túa perda, cáusame dor a forma en que te perdín. Canto se acrecenta a miña pena, maior debía ser o meu consolo. Non espero a ninguén máis que a ti, fonte de todos os meus males, para consolarme. Só ti podes darme tristeza e só ti podes traerme a alegría ou o alivio. Es o único para quen iso debía ser deber ineludible. Todas as túas vontades cumprinas docilmente. Antes de contrariarte tiven o valor de perderme, e fixen máis: algo sorprendente!, o meu amor transformouse en delirio, sen a esperanza de recuperalo nunca, sacrificado ao só obxecto dos teus desexos. Sobre a túa orde, dada, coma se fose un xogo, aceptei outros hábitos e outro corazón. Demostreiche así que es o único dono do meu corazón e do meu corpo.

-Explica como marca a relixiosidade o ton desta carta.

-Investiga sobre as figuras de Eloísa e Abelardo.

-Crea un pequeno poema para plasmar a relación entre os protagonistas.



## CARTA DE HILDEGARD VON BINGEN A RICARDIS VON STADE

Escoita, filla, á túa nai espiritual, que che di: a miña dor aumenta. A dor mata a gran confianza e o consolo que tiña nunha persoa. Desde agora, direi: mellor é refuxiarse no Señor que



confiar en magnates. Ou sexa, que o home debería mirar cara ao que vive nas alturas sen que ningún amor ou falta de confianza lle fagan unha sombra como a que o etéreo humor da terra dá por breve tempo. Quen contempla así a Deus é

como a aguiña que fixa a súa mirada no sol. E por iso non debe un prestar atención ás grandes persoas, que se eclipsan igual que apodrece unha flor.

Eu incumprín isto polo amor dunha nobre persoa. Agora dígoche que sempre que pequei deste xeito, Deus mostroume ese pecado ben con angustias, ben con dores, e así sucedeu agora pola túa causa, como ti mesma sabes.

Agora dígoche outra vez: Ai de min, nai! Ai de min, filla! Por que me abandonaches e deixaches orfa? Eu amaba a nobreza do teu talante, a túa sabedoría e a túa castidade, e o teu espírito e todo o teu ser, até o punto que moitos me dicían: Que fas?

Agora, que choren comigo todos aqueles que sofren unha dor semellante ao meu, quen sentiron un afecto no seu corazón e a súa alma tan grande como o que eu sentín por ti, por unha persoa que lles foi arrebatada nun instante, como ti o fuches para min.

Pero que o Anxo de Deus te guíe e que o Fillo de Deus te protexa e que a nai deste te garde. Acórdate da túa pobre nai Hildegard; que non te abandone a felicidade.

-Deduces do texto unha relación amorosa entre Hildegard e a súa discípula Ricardis.

-Por que cres que moitos colectivos a denominan a primeira Santa LGTBI?.

-Investiga que papel xogou a nivel político a figura protagonista.

-Ao longo da súa vida Hildegard tivo múltiples visións, de que tipo.



## HISTORIA MODERNA: POLÍTICA

### CARTA DE CRISTINA DE SUECIA A DESCARTES E RESPOSTA.

Gustaríame ademais vervos definir as paixóns para coñecelas ben; porque os que as chaman perturbacións da alma persuadiranme de que a súa forza non consiste senón en cegar e



someter a razón, se a experiencia non me ensinase que hai algunhas que nos levan a accións razoables. Pero estou segura de que o aclararedes máis cando expliques como a forza das paixóns as fai tanto máis útiles unha vez que están suxeitas á razón. Cristina de Suecia

(...) e a da alma teñen que ver con dúas cuestións, que son: unha,

coñecer, e outra, querer o que é bo. Pero o coñecemento está en ocasións máis aló das nosas forzas, e por iso só resta a vontade, como algo que podemos dispor en absoluto. E non me alcanza que sexa posible dispor mellor dela que tendo sempre a firme e constante resolución de facer puntualmente todas as cousas que nos parezan ser mellores e utilizar todas as forzas da mente en coñecelas ben. E só nisto consisten todas as virtudes; e só isto merece, falando con propiedade, encomio e gloria. E, por último, só disto vén sempre o maior e máis consistente contento da vida. Por todo iso opino que niso consiste o Ben Supremo. Descartes.

-Explica que quere dicir que Cristina era unha raíña humanista?.

-Cal eran as liñas mestras na filosofía de Descartes?.

-Que significa o seu principio filosófico: *cogito ergo, sum*?

-Cal á o tema desta carta?.

**CARTA DE ISABEL A CATÓLICA AO CONDE DE OROPESA.**



Conde pariente ya sabeys conmo por otra mi carta vos escreuí encargandos y mandandandos [sic] que touiédes prestas e aperçebidas veynte lanças ombres darmas y veynte lanças ginetes de vuestra casa e tierra para que en viendo otra mi carta dentro de tres días fuédes con ellas a la parte e segund vos lo enbiase a mandar, e agora sabed que el rey mi sennor me ha enbiado a çertificar que el rey de Françia quiere entrar poderosamente en el condado de Ruysellón para hazer todo el mal e danno que podrá e para ello ha enbiado todo su poder a la frontera para entrar luego e asy nos ronpe la guerra por todas las otras partes de nuestros Reynos e porque estando su sennoría a donde está es mucha razón que todos vayan en persona quanto más en tal caso que es en defensa de nuestros Reynos en que todos tanta obligaçión tenemos por lo qual su sennoría tiene acordado de yr en persona y pues su sennoría pone su Real persona para la defensa de sus Reynos ya vedes quanta razón es que todos hagan lo mismo conmo son obligados e que nadie se escuse de tal jornada; por ende yo vos encargo e mando que luego que esta veays os partays e vayays con las dichas veynte lanças ombres darmas e veynte lanças ginetes de vuestra casa e tierra que sea la mejor e más aderesçada e más escogida gente que touiéredes que a esta cavsa no se vos manda que lleueys más gente e sereys en la cibdad de Soria a treynta días del mes de agosto e antes si antes pudiéredes para continuad vuestro camino donde su sennoría estouiere en lo qual vos ruego y encargo mucho que hagays conmo de vos espero e sienpre lo aveys fecho vos e los de donde venís en semejantes casos e con la diligençia e presteza que de vos confío y el caso requiere. De la çibdad de Segouia a XIII días del mes de agosto de quinientos y tres annos.

-Atopas dificultades na lectura do castelán antigo. Anota palabras que non entendas.

-Por que a Unión dos Reis Católicos se di que foi persoal ou dinástica?.

-Que diferenzas atopas entres as misivas anteriores e a de Isabel?

## CONTEMPORÁNEA: ESTÉTICA

### CARTAS DE EMILIA PARDO BAZÁN A PÉREZ GALDÓS.

"De mis picardías, ¿qué quieres que te diga? Tu eres más indulgente para ellas que yo misma; tú las explicas y las perdonas, yo tengo instantes en que no las sé perdonar, aunque me las



explique aquella lógica interior que nos ayuda a comprender nuestras propias acciones por más disparatadas que sean. Lo que debe constar y no se escapa a tu inteligencia es que nada hay de humillante, para ti, en lo ocurrido. Bien te alcanza la filosofía y la razón para comprender que a nadie humilla lo que hace otro, y que solo las acciones de uno mismo honran o avergüenzan. Máxime aquí, en que no hay ni que rendir tributo a las preocupaciones de la gente, que ignora el lazo que nos une. Si el público supiese que tu y yo ... vamos, entonces aun se podría compaginar eso de las humillaciones pero el público, gracias a tu maquiavelismo, está hecho un papanatas, así es que nada de lo malo que yo cometa influye en desdoro tuyo. Me basta haber lastimado tu corazoncito sin que además tenga sobre mi el remordimiento de haber dado

oportunidad a que ningún estúpido se permita reírse de ti".

-Investiga sobre a obra de Pardo Bazán e Pérez Galdós.

-Lectura conxunta dalgún dos seus relatos curtos.

-En relación ás misivas de amor da Idade Media que cambios atopas?.

### MARÍA ZAMBRANO

A Luís Álvarez Piñer

Para o teu traballo: comezou a segunda conferencia recollendo a anterior acerca da estrutura



fundamental da vida humana que consiste nunha continua creación. O interesante para o problema que nos ocupa é ver cal foi a creación específica do home e cal a da muller. O preito feminista exposto a principios do século XIX, pretendía explicar o pouco rendemento da muller na vida espiritual pola súa educación. Pero é así realmente ou seranos posible pensar, pola contra, que a muller exerceu o seu influxo noutros aspectos da vida menos visibles, pero fundamentais e decisivos. A muller está con respecto á actividade do home como esa rede que se estende baixo os saltos do acróbata, como algo que fai posible a

actividade masculina e que perennemente lle serve de base. A pura actividade creadora do



home necesita, ademais, refrescarse de cando en vez, revitalizarse no que a muller ten de participación na natureza. A muller ten unha maior proximidade coa natureza, pero non queda tampouco nela, pois de ser así, sería outra especie distinta do home; ela tamén crea, e a súa primeira creación é iso que chamamos amor. O amor é unha creación espiritual como a arte, como a ciencia.

A Gregorio Campo

E que pena, o que quixestes os homes que sexan as mulleres, o que vos gustou nelas! [...] Eu son o que me dá a gana ser! [...] algo nace en min, ou algo se transforma; e como falar, como nomear ao que aínda non se coñece?.

Non quixera que ti e eu chegásemos a ser un matrimonio respectable e honorable. Xa farei eu todo o posible porque nin ti chegues a ser un cabaleiro nin eu unha señora. Nin aínda a túa muller quero ser, digo si, quero selo no sentido en que Eva o foi de Adán, non no sentido *chabacano* da modernidade[...].

-Indaga sobre a obra filosófica de María Zambrano.

-Que papel xoga a defensa da muller na mesma.

-Que é a razón poética?.

-Cales foron as súas influencias básicas?

#### **CARTA DE FRIDA KHALO A DIEGO RIVERA.**

Sr. meu Don Diego:

Escribo isto desde o cuarto dun hospital e na antesala do quirófano. Tentan apresurame pero eu estou resolta a terminar esta carta, non quero deixar nada a medias e menos agora que sei o que planean, queren ferirme o orgullo cortándome unha pata... Cando me dixeron que haberían de amputarme a perna non me afectou como todos crían, non, eu xa era unha muller incompleta cando o perdín, outra vez, por enésima vez quizais e aínda así sobrevivín.

Non me aterra a dor e sábelo, é case unha condición inmanente ao meu ser, aínda que si che confeso que sufrín, e sufrín moito, á vez, todas as veces que me puxeches os cornos... non só coa miña irmá senón con outras tantas mulleres... Como caeron nos teus enredos? Ti pensas que me enrabechei polo de Cristina pero hoxe teño que confesarche que non foi por ela, foi por ti e polo meu, primeiro polo meu porque nunca puider entender que buscabas, que buscas, que che dan e que che deron elas que eu non che dei. Por que non nos fagamos *pendejos* Diego, eu todo o humanamente posible deicho e sabémolo, agora ben, como raios fas para conquistar a tanta muller se estás tan feo, fillo da *chingada*...

Ben, o motivo desta carta non é para reprocharche máis do que xa nos reprochamos nesta e quen sabe cantas vidas máis, é só que van cortarme unha perna (ao fin saíuse coa súa a condenada)...



Díxenche que eu xa me facía incompleta de tempo atrás, pero que puta necesidade de que a xente o soubese? E agora xa ves, a miña fragmentación estará á vista de todos, de ti... Por iso antes que vaian co chisme dígocho eu "persoalmente", desculpa

que non me pare na túa casa para dicircho de fronte pero nestas circunstancias e condicións xa non me deixaron saír da habitación nin para ir ao baño. Non pretendo causarche mágoa, a ti nin a ninguén, tampouco quero que te sintas culpable de nada, escriboche para dicirche que te libero de min, é dicir, ampútote de min, que sexas feliz e non me busques xamais. Non quero volver saber de ti nin que ti saibas de min, se de algo quero ter o gusto antes de morrer é de non volver ver a túa horrible e bastarda cara de malnacido roldar polo meu xardín.

É todo, xa podo ir tranquila a que me golpeen en paz.

Despídese quen o ama con vehemente tolemia, a súa Frida.

-Indaga e escribe unha breve biografía sobre Frida.

-Como definirías a arte de Frida Khalo?.

-E a linguaxe que emprega na súa carta?.

-Que tipo de texto é: de amor ou desamor?.

## ACTIVIDADES

### VISITA A CIDADE DA CULTURA

Propomos esta visita á Cidade da Cultura co obxectivo de descubrir a exposición “Galicia un relato no mundo”, e centrarnos en dúas obras: O texto de Exeria traballado na aula, e a figura Santa de Asorey.



O primeiro relato de viaxes do que se ten constancia en España foi escrito hai 16 séculos por unha aristócrata da Gallaecia romana, Exeria, que movida pola curiosidade por coñecer os escenarios bíblicos emprendeu unha peregrinación desde Galicia ata Terra Santa. O manuscrito máis antigo conservado no que se narra a súa viaxe –datado no século XI– está no Museo Centro Gaiás, a onde chegou procedente da Biblioteca de Arezzo en Italia .

Exeria está considerada a primeira muller escritora –da que se ten constancia– da Península Ibérica. Tamén é a primeira peregrina que relatou a súa viaxe nun diario, que foi escribindo a modo de cartas nas que describiu aqueles lugares que percorría e que inclúen Exipto, Antioquía, Edesa ou Constantinopla. A directora xeral de Patrimonio Cultural destacou que é tamén unha das personaxes claves que figuran no expediente para a declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade, “e que avalan a existencia dunha fonda espiritualidade cristiá e correntes de peregrinación na zona, xa desde a época galaicorromana”.

O *Peregrinatio Egeriae* está recollido no *Codex Aretinus 405*, descuberto en 1884 por Gian Francesco Gamburrini na Biblioteca de Arezzo –onde se conserva actualmente–. O texto está datado no século XI, cando foi transcrito a partir dun manuscrito anterior, posiblemente no mosteiro de Monte Cassino.





A *Santa* de Francisco Asorey é unha das obras máis relevantes da arte galega, aínda que non das máis coñecidas. Despois de preto de 70 anos no Uruguai, esta potente e provocadora representación dunha labrega galega, espida e portando un xugo de vacas, regresou a Galicia. Nunha entrevista á prensa en 1956, Asorey consideraría esta escultura como a obra da que se atopaba “máis satisfeito”. Cando o cambadés a presentou por primeira vez, na Exposición Nacional de Bellas Artes no Madrid de 1926, rachou coas convencións estéticas e coa corrección política do seu tempo, e provocou un gran debate que saltou aos xornais e incluso escandalizou a unha raíña.

“Debía representarse así o corpo dunha muller? Era ‘estético’? Ao observar as obras premiadas na Exposición Nacional de Belas Artes dese ano un decátase de como esta obra foi un 'lapote' nos ollos e nas consciencias”. Así o explica o comisario de *Galicia, un relato no mundo*, Manuel Gago, que se refire a esta escultura como “unha obra do seu tempo, simbolista, pero ao tempo moi subversiva: esas deusas lánquidas da época convertíanse aquí nunha muller labrega e humilde que exhibía o seu corpo espido, curtido e, penso eu, embelecido polo tempo e os traballos”.

Relata tamén a historia Maribel Iglesias Baldonado no seu libro *Francisco Asorey, escultor gallego*, explicando como a sociedade madrileña da época non estaba afeita á dureza destas imaxes. Faise eco a investigadora dunha anécdota que conta que a raíña Victoria Eugenia, que co seu home Alfonso XIII inauguraba as Exposicións Nacionais de Belas Artes, se escandalizou ao ver a escultura. “Polo nu da figura? Seguramente non. A exposición estaba chea de mulleres núas pero nada como esta obra. Un realismo brutal amosáballe á raíña algo que descoñecía: a vida de traballo das mulleres galegas que coidan a casa, crían os fillos, traballan as terras e sosteñen a casa cando o home emigra (...). Parecelle subversiva, dixo que debería ser prohibida. Sabedor do comentario, Asorey renuncia a facerlle un retrato á raíña que tiña encargado había anos”.


“Que é *Santa*? É a muller labrega sufridora? É unha muller erguida? É un animal que malia estar preso por un xugo non baixa nunca a cabeza? É unha metáfora da propia Galicia serva? Canto ten de nai e señora, canto de escrava?” Son algunhas das preguntas que lanza o comisario da mostra ao fío da polémica que espertou na sociedade de comezos do XX, e que aínda hoxe segue de pura actualidade.

“*Santa é a Verdade*”, responde Gago, “ é a arte dialogando coa moral, a sociedade e a política, onte e hoxe” A obra foi adquirida pola Casa de Galicia de Montevideo (Uruguai) e partiu de Vigo para América en 1951, sendo testemuña imprescindible do valioso e amplo patrimonio cultural galego do século XX preservado nos centros e sociedades galegas de América.


## VISIONADO DE PELÍCULAS BASEADAS NA VIDA DAS PROTAGONISTAS



No século IV, Exipto era unha provincia do Imperio Romano. A cidade máis importante, Alexandría, converteuse no último baluarte da cultura fronte a un mundo en crise, dominado pola confusión e a violencia. No ano 391, hordas de fanáticos encarnizáronse coa lendaria biblioteca de Alexandría. Atrapada tras os seus muros, a brillante astrónoma Hypatia, filósofa e atea, loita por salvar a sabedoría do mundo antigo, sen percibir que o seu mozo escravo Davo se debate entre o amor que lle profesa en segredo e a liberdade que podería alcanzar uníndose ao imparable ascenso do Cristianismo.



Na súa película, Margarethe von Trotta fai fincapé no aspecto feminista sobre o relixioso, resaltando a forte personalidade da protagonista fronte ás presións recibidas polos distintos poderes, e recreando artisticamente un mundo que saía dos temores milenaristas entregándose á oración e á penitencia. Luces e sombras dunha muller de carácter e dunha contorna de privilexios, moi ben reflectido pola fotografía tenebrista e por un coidado deseño de produción no que se refire a vestiario, localizacións e decorados.




Biopic sobre a famosa pintora mexicana Frida Kahlo, centrada na súa tormentosa relación con Diego Rivera; desde a súa longa e complicada relación co seu mentor e marido, até o seu controvertido e ilícito caso con Leon Trotsky, pasando polos súas provocativas aventuras amorosas con mulleres, Frida Kahlo foi unha muller radical e revolucionaria en todos os aspectos da vida.



## CENTRADAS NO XÉNERO EPISTOLAR




Viena, 1900. Stefan Brand, un famoso pianista, recibe unha carta dunha muller coa que mantivo, no pasado, unha relación amorosa que xa non lembra. Lisa é para el unha descoñecida, alguén que pasou pola súa vida sen deixar pegada. E, con todo, ela segue apaixonadamente namorada daquel mozo músico que coñeceu cando era aínda unha adolescente.



Momo é unha moza que creceu na gran cidade. Con todo, tras a prematura morte do seu pai, deberá trasladarse coa súa nai a unha vella casa familiar nunha remota illa. Alí, o tempo parece detense: claros circundados de árbores, campos labrados laboriosamente nos outeiros... Momo non sente exactamente entusiasta coa súa nova contorna. E máis que por ningunha outra cousa, o seu corazón reséntese da carta a medio acabar deixada polo seu pai. Unha carta que só contén dúas palabras: "Querida Momo...". Que ía dicirlle o seu

pai? Un día, explorando o ático do seu novo fogar, Momo atopará un libro cheo de po. Desde ese momento, algo realmente inesperado comezará a sucederlle...



Mario (Massimo Troisi) é un home sinxelo que acepta un emprego de carteiro. O seu traballo consiste en levar o correo a un único destinatario, o poeta chileno Pablo Neruda (Philippe Noiret), que vive exiliado nunha pequena aldea italiana. Mario séntese fascinado pola figura de Neruda, e entre os dous homes irá crecendo unha grande amizade.

## CHARLA DE ESPIDO FREIRE

Dende un primeiro momento queriamos que unha escritora de prestixio e, sobre todo, comprometida coa literatura que traballa activamente a igualdade de xénero visitase o noso centro. Os seus personaxes femininos fóra dos tópicos, mulleres fortes e con personalidade, protagonistas e activas no seu percorrer adáptanse perfectamente o noso Club de Letras. Despois de pórnos en contacto coa a autora, a charla fixouse para o 16 de marzo. A crise do COVID 19 cancelou todo...

Tamén a dirección do noso presuposto que finalmente se empregou seguindo a convocatoria de material non inventariable, na suscripción a dous xornais Nós e El País buscando a continuidade do proxecto o curso que ven a partir das misivas dos xornais.

O alumnado leu a obra IRLANDA. *Natalia, moi afectada pola morte da súa irmá, é enviada ao campo a pasar o verán en compañía dos seus curmáns. Alí vivirá envolvida en flores secas, vestidos antigos, esconxuros máxicos, soños e pesadelos. No seu mundo imaxinario e fráxil, que rexorde cada noite coa escuridade e no que nada é como parece ser,ponse de manifesto a insalvable distancia que separa a Natalia dos seus curmáns, especialmente da encantadora Irlanda.*

### **FICHA DE LECTURA.**

#### **DATOS DO ALUMNO/A:**

APELIDOS: \_\_\_\_\_ NOME: \_\_\_\_\_


DATA: \_\_\_\_\_ CURSO: \_\_\_\_\_

#### **FICHA BIBLIOGRÁFICA:**

AUTOR: \_\_\_\_\_

TÍTULO: \_\_\_\_\_

EDICIÓN: \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_  
(editorial) (cidade)  
(ano)



### **ANÁLISE DA OBRA:**

1-.RESUME O LIBRO ORGANIZANDO O SEU CONTIDO EN INTRODUCCIÓN /NÓ/ DESENLACE.

2.-DOS TRES CAL DIRÍAS E O TEMA PRINCIPAL DO LIBRO: A ADOLESCENCIA, A, MORTE, OU A MALDADE. POR QUE?.

3.-PERSONAXES PRINCIPAIS (trátase non só de nomealos, senón de describilos, mencionar algo da súa personalidade e das relacións que existen entre os personaxes da historia).

4.-OS PERSONAXES FEMININOS DA OBRA AFÁSTANSE DOS ESTEREOTIPOS DAS NOVELAS DE ADOLESCENTES. POR QUE?.

5.-EXPLICA CAL FOI O TEU CAPÍTULO OU EPISODIO PREFERIDO DO LIBRO.

6.-COMO DESCRIBIRÍAS A AMBIENTACIÓN DO LIBRO. EN QUE LUGAR XEOGRÁFICO PODERÍA ESTAR SITUADA A HISTORIA.

7.- O LIBRO TEN MOITAS CARACTERÍSTICAS DO ROMANTICISMO LITERARIO DO XIX COMO A LIBERDADE, A MORTE, A MELANCOLÍA, A BELEZA, O FINAL TRÁXICO. PODES MENCIONAR ALGUNHA OUTRA?.

8.-VALORACIÓN PERSOAL. Gustoche? Recomendaríalo?. Xustifica a túa resposta.

9.- FINAL ALTERNATIVO. Inventa un final alternativo ao libro e un posible título diferente do orixinal.



## VISIBILIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

Para visibilizar as actividades realizadas empregamos as nosas reces sociais: twitter @outubristas e instagram @bibliodoce, facendo alusión ó desenvolvemento das accións realizadas no Club.



## CONCLUSIÓN

O obxectivo último deste proxecto era que os rapaces fixeran as súas propias misivas para intercambiar con outro centro. O IES escollido foi o IES Cidade de Antioquía de Xinzo de Limia e o tema seleccionado para a realización das mesmas: *A muller da túa vida*. Os nenos tiñan que centrarse nunha figura feminina que os marcara, que lles deixara pegada, do mundo real ou de ficción. Así por exemplo poderían realizar a carta sobre a figura da súa avoa ou ben sobre Rosalía, Wonderwoman, Sés ou Paula Peleteiro... A crise do COVID impediu enviar as cartas nos prazos marcados pero os resultados non puideron ser mellores. A continuación un exemplo...

Ourense, 9 de maio, 2020

Estimado Danze:

Con motivo do traballo a realizar sobre a muller da nosa vida, aquí che exporo a miña elección e o porqué.

Unha das mulleres a' que máis admiro, a parte de miña nai, é a Joanne Rowling, máis coñecida como J.K. Rowling, autora da saga de libros Harry Potter e actualmente unha das mulleres máis ricas e influentes de Reino Unido.

Unha das cousas que máis admiro desta muller, a parte dos seus libros, é que nunca o tivo fácil. Cando era estudante de universidade e cometaba a tomar forma na súa testa a idea da escola de magos e máis de Harry Potter, a súa nai, a persoa que máis a apoiaba co seu obxectivo de converterse nunha gran escritora, falece.

Este acontecemento marca profundamente a súa historia. Despois dun matrimonio que non foi ben e cunha filla de apenas un ano, múdase a Edimburgo, Escocia, cidade na que vivía súa irmá. Alí será onde, a pesar de atoparse sen traballo e vivindo difilmente co pouco que lle outorgaba o Estado, Joanne remata a súa primeira novela, nun café da

cidade nos que acostumaba escribir.

Tras a entusiasta resposta da lectora á que lle foi encomendada a lectura dos tres primeiros capítulos, a axencia "Christopher Little Literary Agents" acepta representala na búsqueda dun editor.

A pesar de que o seu manuscrito foi refulgado por doce editoriais un ano máis tarde recibe a aprobación da editorial Bloomsbury.

A partir do primeiro libro esta saga converteuse nunha das máis lidas do momento, algo que poderíamos seguir afirmando na actualidade.

Esta muller é para min unha inspiración, e suparto que a de miles de lectores, xa que a súa saga é algo maravilloso de ler e incluso de ver, debido á súa adaptación cinematográfica, e poder ser gustada por lectores, ao meu parecer de todas as idades.


Espero que che gustara e que podes disfrutar dunha boa lectura.

Atentamente,



Paula Alvarado Martínez

## BIBLIOGRAFÍA



**CASO, ÁNGELES. Quiero escribirte esta noche una carta de amor. Ed. Lumen.**

O texto de Ángeles Caso foi unha das bases do traballo, de feito moitas das cartas traballadas forman parte da nosa recolipación. «Quero escribirche esta noite unha carta de amor», escribe Katherine Mansfield ao amante que máis tarde se convertería no seu marido. A través das súas cartas, inéditas até agora en español -do mesmo xeito que moitas outras que recolle este libro-, a súa voz máis íntima únese á doutras grandes escritoras que sentiron a urxencia de revelar o inconfesable, o poder do desexo, a insoportable incerteza, a desesperación, a dor dunha paixón non correspondida ou a inmensa felicidade de amar e ser amado. A abadesa Eloísa de Argenteuil, xa no século XII, enfróntase ao Inferno por escoitar á súa carne; Simone de Beauvoir empéñase en destruír calquera rastro burgués no amor e na vida; Ninon de Lenclos rexeita todos os tópicos sobre o arrebatamento amoroso; a romántica George Sand busca morder o amor até sangrar; a nai do feminismo, Mary Wollstonecraft, está disposta a ceder todas as súas liberdades -e mesmo a acabar coa súa vida- se non consegue a entrega da súa ser adorado; tamén a brillante e talentosa Charlotte Brontë implora o afecto dun home casado e espera a resposta ás súas cartas máis que un esmoleiro un anaco de pan. Mentres María Zambrano envorca nas cartas a un amor de mocidade o seu anhelado de matrimonio, Emilia Pardo Bazán revélase con gran sensualidade e sexualidade escribindo a Galdós, e loita por manter en segredo a súa relación... A. Caso preséntanos estas cartas reveladoras e fascinantes, e cóntanos nas biografías de cada autora -unha sorte de «micronovelas»- as historias que lles deron orixe: un mapa da sensibilidade feminina ao longo da Historia, unha inspiración para escribir cartas de amor, e para amar -e mesmo para deixar un amor que nos destrúe. Un libro para ler, reler e atesourar.

**GAADER, JOSTEIN. Vita Brevis. Ed. Siruela.**

Empregamos este texto como punto de partida, unha primeira mostra de carta feminina nun contexto masculino. É unha obra novelada, pero con todo o senso do noso traballo. Sábese, aínda que a Igrexa sempre pasou no bico dos pés sobre este feito, que San Agustín, máis tarde Pai da Igrexa latina, tivo na súa mocidade unha amante que lle deu un fillo ao que amou con predilección. Vita brevis é a carta manuscrita que supostamente Floria, o seu amante, lle escribiu ao fío da lectura das súas Confesións. Nela, con ironía e sarcasmo, critica a Agustín por abandonar o verdadeiro e auténtico amor humano para entregarse a un divino, do que pouco se sabe.

**SEBAG MONTEFIORE, SIMON. Escrito en la historia. Ed. Crítica.**

O libro ten unha base fundamentalmente histórica pero é un canto á importancia da carta como documento de valor incalculable para entender sociedade, economía, cultura, política ou as propias relacións persoais dos persoeiros máis importantes da historia. Escrito na historia conmemora as maiores e máis importantes cartas do panorama político, cultural, artístico, ou da vida privada daqueles personaxes soados que influíron no devir da nosa historia. O aclamado historiador Simon Sebag Montefiore seleccionou máis de cen cartas que van desde a Antigüidade, como a que dirixiu Marco Antonio a Octavio Augusto no ano 33 a. C.; até o noso século, como a de Donald J. Trump a Kim Jong-Un en maio de 2018. Os seus autores varían desde Isabel I de Inglaterra, Ramsés II, Frida Kahlo e Leonard Cohen, até Nelson Mandela, Stalin, Michelangelo ou personaxes anónimos que viviron circunstancias extraordinarias. Cartas de amor, berros á liberdade, declaracións de guerra e reflexións sobre a morte que Montefiore, un mestre de contar historias, nos achega, co seu característico estilo fresco e accesible. Porque estas cartas que ilustran o noso pasado, enriquecen o modo en que vivimos hoxe e iluminan o noso futuro, son unha lectura necesaria.

Ourense 15 de xuño de 2020.